

XOVES 30 DE XANEIRO | 20:30
BIBLIOTECA REGO DA Balsa



YOMEDDINE

FIC | ABU BAKR SHAWKY | 2018 | EXIPTO | 93'

Beshay nunca saíu da colonia de leprosos na que o abandonaron sendo un neno. Tras a morte da súa muller decide coller as súas escasas pertenzas e ir en busca das súas raíces xunto a Obama, un mozo orfo que se une a el no camiño.



Abu Bakr Shawky é un escritor e director de cinema de orixe exipcio - austríaco que marabillou a crítica e público con 'Yomeddine', a súa primeira longametraxe. O filme foi seleccionado para participar no Festival de Cinema de Cannes 2018.

SÁBADO 1 DE FEBREIRO | 20:30
PAZO DA CULTURA



CAPHARNAÛM

FIC | NADINE LABAKI | 2018 | O LÍBANO, FRANCIA | 126'

Zain, un neno de doce anos intelixente e valente, sobrevive aos perigos das rúas da cidade grazas ao seu enxeño. Fuxindo dos seus pais, e facendo valer os seus dereitos, recorre á xustiza para demandalos polo 'crime' de darlle a vida.



Actriz e directora de cinema libanesa, Nadine é actualmente un dos maiores referentes do cinema árabe contemporáneo. Con 'Capharnaüm' foi nomeada aos Óscar e os Globos de Ouro e recibiu o premio do xurado no Festival de Cannes.

ORGANIZAN:




COLABORAN:



amalfestival.com  

E TI,
ACOMPÁÑAS NOS
NESTA VIAXE?

MOSTRA DE CINEMA EUROARABE | AMAL EN RUTA



CARBALLO AMAL 20 EN RUTA

Do 16 de xaneiro ao 1 de febreiro
PAZO DA CULTURA E
BIBLIOTECA REGO DA Balsa

amalfestival.com  

CARBALLO AMAL 20 EN RUTA

Do 16 de xaneiro ao 1 de febreiro
PAZO DA CULTURA E
BIBLIOTECA REGO DA BALSa

Amal en ruta sae á estrada para achegar unha selección do mellor cinema árabe a Carballo. Dous documentais e catro longametraxes que nos axudarán a comprender a realidade social do mundo árabe, unha realidade tan complexa como heteroxénea.

Facemos a equipaxe para achegarnos por terceiro ano consecutivo á capital bergantiñá cunha maleta chea de historias para compartir con vós, unha maleta que, como sempre ocorre coas viaxes máis especiais, volve máis chea do que sae.

Pronto, a maxia da sétima arte poñeráse de novo en marcha.

E ti, acompáñanos nesta viaxe?

GHALEB JABER MARTÍNEZ



XOVES 16 DE XANEIRO | 20:30
BIBLIOTECA REGO DA BALSa



DOC | THOMAS MORGAN | 2017 | SINGAPUR | 73'

Soufra narra a historia de Mariam Shaar, unha muller nada no campo de refuxiados palestinos de Burj El Barajneh (Beirut) que trata de crear unha empresa de restauración para mulleres como medio de supervivencia económica, social e persoal.

Thomas é un director de cinema social. As súas películas máis aclamadas, 'Soufra' e 'Waiting for Mamu' narran historias de persoas que se antepoñen ás dificultades para axudar á súa comunidade.

VENRES 17 DE XANEIRO | 20:30
PAZO DA CULTURA



DOC | TALYA TIBBON, JOSHUA BENNETT | 2018 | USA | 86'

Sky and Ground cóntanos a historia dos Nabi, unha familia siria - kurda que viaxa ilegalmente durante tres meses dende Aleppo a Alemaña. Un relato no que se mestura o medo coa esperanza por unha vida mellor.

Talya é unha reputada produtora de cinema, escritora e directora de series e documentais cun marcado carácter social. A súa filmografía acumula máis de 20 títulos producidos e dirixidos.

XOVES 23 DE XANEIRO | 20:30
BIBLIOTECA REGO DA BALSa



FIG | BASSAM JARBAWI | 2018 | PALESTINA, USA, CATAR | 108'

Despois de 15 anos de prisión Ziad non recoñece o mundo que o rodea. A tecnoloxía cambiou, a sociedade non é a que era e empeza a comprender que os seus problemas non son só sociais, senón tamén psicolóxicos. Ziad sente que a súa única escapatoria pasa por volver ao momento no que se atopaba 15 anos atrás, con todo o que iso supón.

Bassam traballou como fotógrafo durante a segunda Intifada palestina. Produciu varias curtas e documentais, entre elas 'Ghost Hunting', gañadora do mellor documental na Berlinale 2017. 'Mafak' é a súa primeira longametraxe.

VENRES 24 DE XANEIRO | 20:30
PAZO DA CULTURA



FIG | NEJIB BELKADHI | 2018 | CATAR, TUNES, FRANCIA | 96'

A vida de Lofti, un inmigrante asentado en Marsella, cambia drásticamente o día que recibe unha chamada do seu irmán desde Tunes. A súa ex-esposa acaba de sufrir un infarto e Lofti tense que facer cargo do seu fillo de 9 anos afectado de autismo.

Nado en Tunes en 1972 estudou márketing e comunicación antes de adicarse ao cinema no que destaca non só como director senón tamén como actor e produtor.